

Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se publica a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas ao proceso de elaboración da lista para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto do recurso específico Solénidos, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira e as embarcacións excluídas do proceso.

## Antecedentes

**1.** A Orde de 20 de decembro de 2018 aproba os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG Núm. 246, de 27.12.2018). Pola disposición transitoria segunda do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, os plans de xestión de recursos específicos prorróganse ata o 31.12.2021.

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico Solénidos, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (en adiante plan conxunto) e coa Resolución do 11.09.2020 pola que se adoptan determinadas medidas de adaptación, establécese un número máximo de 21 embarcacións e 57 habilitacións.

**2.** Unha vez finalizado o proceso de renovación do 2019 deste recurso específico a flote nas entidades, o número de embarcacións coa modalidade no permiso de explotación autorizadas para participar no plan de xestión é de 17 embarcacións e 44 habilitacións.

**3.** O 21.01.2021, as entidades solicitaron o inicio da convocatoria do proceso de elaboración de listas para a cobertura das vacantes producidas tras o proceso de renovación.

**4.** A Resolución do 24.02.2021 desta xefatura territorial, inicia o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de navalla/longueirón ao abeiro do plan de xestión conxunto (corrección de erros do 29.04.2021). Tras esta corrección de erros, autorizouse o outorgamento da modalidade de navalla/longueirón para 4



embarcacións e 12 habilitacións, cun máximo de 3 cotas por embarcación e mínimo de 2 cotas por embarcación, ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade. Tendo en conta que a este proceso se presentaron 2 embarcacións, quedarían a disposición un mínimo de 7 habilitacións para as embarcacións participantes no plan de xestión que se presenten a este proceso.

#### Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de solénidos das confrarías de Fisterra, Corcubión e Lira e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico solénidos (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta xefatura territorial

#### RESOLVE:

1º. Facer pública a lista provisional das puntuacións obtidas por cada unha das embarcacións admitidas para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión



conxunto para o recurso específico solénidos, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (anexo I).

2º. Contra a relación provisional de puntuacións acadadas as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de selo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

3º. Facer pública a lista definitiva das embarcacións excluídas, así como as causas da súa exclusión (anexo II).

As embarcacións e persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial da Coruña e na páxina web <http://mar.xunta.gal/>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, a documentación indicada, deberá presentarse por vía electrónica:

- Para alegacións a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento PE401M (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica.
- Para un recurso de alzada mediante o formulario xenérico tamén a disposición na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).

Para a dita presentación será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNle) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.



Esta resolución notifícaselle ás confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira coma entidades participantes do plan de xestión conxunto de solénidos, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial  
María José Cancelo Baquero

Xefatura Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000  
[xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal](mailto:xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal)



**ANEXO I:  
CONFRARÍAS DE PESCADORES DE FISTERRA, CORCUBIÓN E LIRA**

**RELACIÓN PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS DAS EMBARCACIÓNS ADMITIDAS NO PROCEDIMENTO PARA A ELABORACIÓN DA LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN CONXUNTO DE SOLÉNIDOS (ordenadas por orde de puntuación).**

Embarcación	Matrícula	Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
XEITEIRA	VILL-3	8574	5,00	4,00	1,00	<b>10,00</b>
AYENKA	CO-4	1368	0,00	4,00	3,00	<b>7,00</b>
JAVI	CO-5	2029	0,00	4,00	2,00	<b>6,00</b>
MARIA JESÚS	CO-4	1493	0,00	4,00	2,00	<b>6,00</b>
TRICHA	VILL-2	4866	0,00	3,80	2,00	<b>5,80</b>
NUEVA GIRALDA	CO-4	5-04	0,00	3,60	0,00	<b>3,60</b>
SEGUNDO BRISA	CO-5	01-11	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

**TOTAL:** puntos acadados en total.

- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación**

Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como mergulladora en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Non se puntuarán os méritos de formación e experiencia profesional cando a persoa ou algunha das persoas seleccionadas sexan armadoras ou propietarias doutras embarcacións que xa posúan as modalidades de marisqueo de vara ou de recursos específicos no seu permiso de explotación. **A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.**

- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira**

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos,
- **A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.**



## ANEXO II

### CONFRARÍAS DE PESCADORES DE FISTERRA, CORCUBIÓN E LIRA

#### RELACIÓN DEFINITIVA DAS EMBARCACIÓNS EXCLUÍDAS DO PROCEDIMENTO

Embarcación	Fundamento	Motivo
CALA FIGUERA CO-5-1-14	RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo. ANEXO I. A CRITERIOS XERAIS PTO 2:"O incremento do número de cotas nas embarcacións <b>xa incluídas nos plans de xestión</b> realizarase...."	A embarcación non conta con permiso de explotación para Solénidos e, por tanto, non está incluída no plan de xestión de solénidos das confrarías de Fisterra, Corcubión e Lira.

